



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE MARZO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201700000000165 de don Óscar Aldrey Álvarez e dona M^a. José Varela Barreiro (Expediente num. 2017/U022/000002)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Xián de Sales, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Matelo (Expediente núm.: 2017/U022/000002), en solo de expansión de núcleo rural (N2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas S+B+.1 Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto achegado, redactado polos arquitectos don Alejandro Fernández Vázquez e dona Ana Cancela Carollo, cun orzamento de 184.665,83 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construírse de acordo co proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a edificación favorecerá a súa integración no entorno inmediato e na paisaxe.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá proceder á conexión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento de forma simultánea coa edificación.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para viais, que deberá quedar asfaltada coas mesmas características que o vial e coa mesma rasante que este.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá achegar escritura pública na que se formalice a cesión de viais, que xa foi obxecto de aceptación en acto anterior, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo dese requisito.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil seiscientos noventa e nove euros con trinta e dous céntimos (#3.699,32#)

2.2.- Instancia núm. 190/17 da Axencia de Turismo de Galicia. (Expediente núm. 2017/U022/000003)

Dáse conta da citada instancia na que dona M^a. Elena Barca Ramos, en calidade de Xerente da Axencia de Turismo de Galicia, con domicilio en estrada Santiago-Noia Km 3 (A Barcia)- Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de peche para as cabinas de albergueiro no albergue de Outeiro-San Pedro de Vilanova (Expediente núm.: 2017/U022/000003), en solo cualificado como “De expansión de núcleo rural. N-2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por dona Elda Vázquez Varela, en calidade de arquitecta.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090B50900121.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras executaranse conforme ao contido do proxecto achegado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento vinte e tres euros con corenta e oito céntimos (#123,48#)

2.3.- Instancia núm. 201600000001353 de don José Rodríguez García. (Expediente núm. 2016/U022/000023)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a legalización da rehabilitación de muro de pedra de aproximadamente 4 metros de longo, en A Ferreira nº 10 (Expediente núm.: 2016/U022/000023), en solo cualificado como “De núcleo rural (N-1)”, segundo o vixente PXOM .

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000701200NH43G.



Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 9 de xaneiro de 2017 (expte.: 2434/16), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume orixinal do peche.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.4.- Instancia núm. 201600000001399 de dona Sandra Rodríguez Devesa e don José Manuel Silva García (Expediente núm. 2016/U022/000026)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Bazar-San Andrés de Trobe (Expediente núm.: 2016/U022/000026), en solo de expansión de núcleo rural(N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1; altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto técnico achegado, redactado polo arquitecto don César García Piñeiro, cun un orzamento de 17.2821,34 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505020050000AG.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construírse de acordo co proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará con entorno de maneira que favoreza a integración no entorno inmediato e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para viais, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que o vial. A rampla de acceso tamén deberá quedar á mesma altura có vial e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400 mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.



3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U-02, de 197,6 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil catrocentos cincuenta e seis euros con corenta e tres céntimos (#3.456,43#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Alfredo Couto Trazar. (Expediente núm. 2017/026/000003)

Dáse conta do expediente número 2017/U026/000003 de comunicación previa de obra promovido por don Alfredo Couto Trazar para rehabilitación de cerramento, de aproximadamente 24 metros de largo, consistente en colocar base, sen superar os 1,50 m. de altura, e postes e arame, sen superar os 1,80 m. de altura

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600870, emprazada en Cimadevila, 5 – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao declarado na comunicación presentada.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de don Manuel Sánchez Bouzón. (Expediente núm. 2017/U026/000005)

Dáse conta do expediente núm. 2017/U026/000005 de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Sánchez Bouzón para rehabilitación de cuberta de alboio, consistente en repoñer a uralita e tella deteriorada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002205000NH43G, emprazada en Trazariz de Abaixo -Vedra, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segunda.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e tres euros con trinta e un céntimos (#163,31#).

2.7.- Comunicación previa de obra de don Severo Andrés Meniño Barros. (Expediente núm. 2017/U026/000006)



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Severo Andrés Meniño Barros para rehabilitación de vivenda consistente en repoñer a tella deteriorada, nunha superficie aproximada de 82 m²

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 6966910NH4366N0001QB, emprazada en Galegos nº 15-Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación previa de obra de don Ramón Penas Castro. (Expediente núm. 2017/U026/000007)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Ramón Penas Castro para rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 48 m² en planta, consistente en reparar a cuberta colocando uralita e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000203700NH43G0001PJ, emprazada en Cornado, 9 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta euros con sesenta e tres céntimos (#80,63#).

2.9.- Comunicación previa de obra de dona Aida Vázquez Mogo. (Expediente núm. 2017/U026/000008)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Aida Vázquez Mogo para apertura de entrada e colocación de portal en finca.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 2461610NH4326S0001ZS, emprazada en Avd. M. M. Gómez Lorenzo-Vedra, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno:



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo colocarse o portal a unha distancia de 7 metros do eixo do vial.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.10.- Instancia núm. 201700000000119 de dona María Isabel Castro Seoane. (Expediente núm. 2017/U007/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, expón que con data 12/05/2009 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Matelo nº 2 –San Xián de Sales, (Licenza núm. 42/2009), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Fernando Palomino Barba en calidade de arquitecto, e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

2.11.-Instancia núm. 232/17 de don Mónica Diz Iglesias. (Expediente prórroga núm. 2017/U003/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 8 de abril de 2014 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Agrelo (Santa Cruz de Ribadulla) (Expediente número 2013/U008/000022), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 1 da obra de *Acondicionamento de local social en San Mamede de Ribadulla.*



Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de *Acondicionamento de local social en San Mamede de Ribadulla*, incluída no Convenio coa Deputación Provincial da Coruña (nº 59/16), e máis da factura núm. EO 19 de Oviga, S.A, empresa adxudicataria da mesma en virtude de Resolución da Alcaldía núm. 440/16, do 28 de outubro, por importe de trece mil cento corenta e catro euros con dez céntimos (#13.144,10#)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

4º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida do lixo no padrón fiscal do exercicio 2017.

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26.12.2012), e coa formación do Padrón Fiscal correspondente ao vixente exercicio 2017, polo que respecta á *aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario*.

4.1. Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos Servizos Sociais municipais para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* dos contribuíntes, propietarios de vivendas, que se relacionan no Anexo que obra no expediente, previa solicitude por parte dos mesmos.

No expediente constan os seguintes informes favorables:

* O informe da Traballadora Social, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren os requisitos esixidos no artigo 8.1 da Ordenanza, dado que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente, correspondéndolle a cada un dos titulares relacionados una redución do 50% da cota tributaria.

* O preceptivo informe da Secretaría-Intervención, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal (408 euros), no suposto do recoñecemento das reducións solicitadas.

4.2. Dáse conta, así mesmo, do expediente 6/2017 iniciado a instancia da parte interesada e tramitado polo departamento responsable da xestión da taxa para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* da contribuínte, propietaria de vivenda, que se identifica no Anexo que obra no mesmo.

No expediente consta o preceptivo informe de Secretaría-Intervención, acreditativo de que a solicitante cumpre todos os requisitos esixidos no citado artigo 8.1, emitido en sentido favorable e indicando a contía da minoración no importe total do padrón fiscal (34 euros), no suposto do recoñecemento da redución solicitada pola interesada.

Vistos ambos expedientes, en función dos citados informes e da delegación feita polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 18/02/2015, en relación co establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:



1º.- Que se recoñeza o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes, que ascenden a un total de trece.

2º.- Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2017, a liquidación correspondente a cada unha das trece vivendas que se relacionan nos Anexos citados se practique polo importe de 34 euros cada unha, o que supón a redución do cincuenta por cento da cota tributaria anual vixente de 68 euros por vivenda, así como unha minoración no importe total do citado padrón fiscal que ascende á cantidade de 442 euros.

5º.- Aprobación inicial, se procede, de padróns fiscais das taxas municipais do exercicio 2017.

5.1.- Padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 24/10/2012, BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2017, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 12 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2016, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2017, con base no seguinte:

1. O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23/03/2017, relativo ao recoñecemento -por delegación do Pleno- do dereito de redución da cota tributaria a 13 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza.
2. Os expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 337, 338, 430, 435, 437, 449, 450, 451, 499, 508, 509, 519 e 598 ditadas no ano 2016 e núm. 4, 5, 18, 20, 50, 79 e 80 ditadas no 2017).
3. Os expedientes tramitados, a instancia dos obrigados tributarios, para cambio de epígrafe (resolucións da Alcaldía núm. 573/2016, 6/2017 e 94/2017).
4. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 9 altas novas a 1 de xaneiro de 2017, data de devindicación da taxa de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 56/2017, de data 23 de febreiro).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2017 formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo de un mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

5.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2017, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 10 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2016, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2017 con base no seguinte:

1. Os expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 449/2016 e 499/2016) e por cambio de epígrafe (resolución da Alcaldía núm. 573/2016, 6/2017 e 94/2017).
2. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 28 novas altas a 1 de xaneiro de 2017, data de devindicación da taxa e de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 62/2017, de data 2 de marzo).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2017 formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

6º.- Facturas varias


Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe €</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
F 30931	15/02/2017	2.009,21	Sport Equipalia, S.L.	Traballos de pintado de muros interiores existentes arredor da pista do pavillón polideportivo municipal de Vedra
019/16	29/02/2016	233,99	Cruz Roja Española	Servizo de ambulancia prestado para a realización da ruta BTT do ano 2016
2161009110	29/02/2016	499,73	Uniprex, SAU (Onda Cero)	Publicidade municipal sobre os Xenerais da Ulla emitida do 30/01/2016 ao 29/02/2016
P 700748	24/02/2017	291,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes febreiro)
V-02-2017 468	28/02/2017	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes febreiro/2017
V-02-01-2017 469	28/02/2017	3.755,41	Ana Naya García, S.L.	Cota do Concello polo servizo de xestión da escola infantil municipal mes febreiro/2017
GAL00277117F00004	28/02/2017	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración mes febreiro/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



891	20/02/2017	60,50	Guimerans Rodríguez Óscar	Placa gravada para entrega na homenaxe a don Jesús Barral, socio fundador da Asociación de Amigos da Camelia
N17-402	17/02/2017	98,40	Hércules de Ediciones, S.L.	Libros para dotación da biblioteca municipal subministrados en febreiro/2017
202	27/02/2017	105,60	Tartas de Lestedo, S.C.	Caixas de filloas servidas para as actividades do Entroido municipal 2017
1701909	10/02/2017	1.125,30	Proel Ascensores, S.L.	Traballos de modernización no ascensor do CPI de Vedra para adaptalo á nova normativa de elevadores feitos en xaneiro
3/2017	01/03/2017	500,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal ás clases de música en Vedra mes febreiro/2017, segundo convenio asinado
A/32	28/02/2017	52,36	García Sarandón, S.L.U.	Catro caixas de luvas de nitrilo e par de zocas subministrados en feb/2017 para o persoal do servizo de axuda no fogar
FC9788	28/02/2017	367,26	García Sarandón, S.L.U..	Produtos alimenticios e de 1ª necesidade para actuacións de emerxencia de Serv. Sociais municipais servidos o 28/02/2017
A/34	28/02/2017	1.479,70	García Sarandón, S.L.U.	Materiais para beirarrúas Corbeixe e San Xián, casa das artes, mantemento, brigada verde e outros servidos en feb/2017
L 11	28/02/2017	1.450,00	Álvarez Fernández , María Eva	Servizos de limpeza no CPI de Vedra durante o mes de febreiro/2017
5/2017	28/02/2017	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do Concello de Vedra durante o mes de febreiro/2017
28-C780-402276	01/03/2017	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo de internet prestado para o obradoiro de emprego Vedra-Boqueixón no período 18/01/2017-17/02/2017
28-C780-402277	01/03/2017	24,20	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico na nave de Trobe para control horario de persoal municipal período 18/01/2017-17/02/2017
Póliza núm. 40959669	01/03/2017	44,48	Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro de accidentes contratado para persoal do obradoiro de emprego de carpintería
G/2017_7	24/02/2017	705,13	Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming Sport)	Xestións realizadas e materiais subministrados para a celebración da VII Ruta Cicloturística en BTT da Camelia 2017
G/2017_8	24/02/2017	911,72	Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming Sport)	Xestións realizadas e materiais subministrados para a celebración do III Maratón de Montaña da Camelia 2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



G/2017_9	24/02/2017	486,42	Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming Sport)	Cinta de balizamento reutilizable dobre cara con rótulo para celebración da XXII Xornada Arredor da Camelia o 26/02/2017
36000687	28/02/2017	6,09	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias da máquina da planta baixa período 01/02/2017-28/02/2017
2017 14	02/03/2017	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal mes febreiro de 2017
6/2017	03/03/2017	3.872,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Dirección obras 2017: Mellora ámbito e acondicionamento espazo público estación tren Santa Cruz e ampliación aseos CEIP
9	28/02/2017	1.105,94	Silva Fernández Manuel (Carpintería M. Silva)	Traballos realizados no centro de saúde de Vedra, na escola de música de Sta. Cruz, na casa cultura de San Xián e outros
260217	26/02/2017	114,00	Cerdeira Gómez Isabel	Dous packs de promoción da Camelia para atencións protocolarias da XXII Xornada celebrada o 26/02/2017
2	28/02/2017	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes febreiro
32120231	24/02/2017	183,10	Automóviles Louzao, S.L.U.	Revisión do tacógrafo do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 23/02/2017
17/2	28/02/2017	1.712,10	Freiría Suárez José María	Prestación dos servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias mes febreiro/2017
F 30910	17/01/2017	6.534,00	Sport Equipalia, S.L.	Mantemento dos campos de fútbol de herba artificial de Santa Cruz e San Mamede (adxudicada por RA 25/2016)
090//17	28/02/2017	134,24	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais e repostos para o vehículo de P. Civil e para a maquinaria da brigada de obras subministrados en febreiro
3051629	28/02/2017	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo integral de control horario do persoal municipal período de 01/02/2017 a 28/02/2017
FE17137004404058	02/03/2017	46,54	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Neira de Abaixo período 28-01-2017-27/02/2017
4001975737	28/02/2017	434,31	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no período do 01/02/2017 ao 28/02/2017
146 FACTURAS	02-05-08-23-26-27-28/02/2017	24.324,85	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública durante os meses de xaneiro e/ou febreiro 2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



21 FACTURAS	02-03-05- 23-26- 27/02/2017	2.748,30	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a diversos locais e instalacións municipais durante os meses de xaneiro e/ou febreiro 2017
3 Ticktes	21/02/2017	95,65	Acredores diversos	Produtos alimenticios para o servizo municipal de madrugadores mercados en febreiro
3 Ticktes contado	27/02/2017	26,89	Acredores diversos	Materiais e produtos diversos para a ludoteca municipal adquiridos en febreiro
1703	28/02/2017	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio asinado co Concello en 2015 (importe mes febreiro/2017)
201/17	02/03/2017	234,35	Gamallo Gomez Manuel - Talleres M. Gamallo	Revisión pre-ITV realizada ao vehículo de P. Civil Nissan 2445BLH o 02/03/2017 e levalo á ITV de Cacheiras
151217FS0009875	02/03/2017	46,83	Supervisión y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria do vehículo de P. Civil Nissan 2445BLH (levado o 02/03/2017 por Talleres M. Gamallo)
17-202	28/02/2017	128,81	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais servido os días 03 e 15/02/2017
17-209	28/02/2017	99,39	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo contra incendios matrícula 1106FZZ servido os días 13 e 17/02/2017
17-210	28/02/2017	52,02	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo Nissan matrícula 2445BLH servido o 04/02/2017
17-211	28/02/2017	55,01	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo Nissan matrícula 2445BLH servido o 17/02/2017
17-212	28/02/2017	117,03	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 servida os días 13 e 27/02/2017 para vehículo de persoal do obradoiro de emprego Vedra-Boqueixón
17-213	28/02/2017	120,26	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos subministrado os días 03-06-17/02/2017 para o vehículo 3663NNG
17-214	28/02/2017	1.137,98	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado durante o mes de febreiro/2017
